



compromisos  Co
iniciativas  In
proxectos  Pr
ideas  Id


programa electoral

eleccións municipais 2015



espertamonforte!

ti decides o Monforte que queres



1. MARIBEL GARCÍA DÍAZ. Enfermeira. 58 anos. | 2. ALBERTO VÁZQUEZ CABO. Empresario novas tecnoloxías. 40 anos. | 3. ROBERT RODRIGUEZ BALBOA. Técnico superior mantemento industrial. 36 anos. | 4. ROCÍO GONZÁLEZ FIGUEIRAS. Psicóloga de empresa especializada en formación. 28 anos. | 5. JAIME GERMÁN VÁZQUEZ PÉREZ. Propietario comercio material construción. 44 anos. | 6. FRANCESCO PARIS. Escritor e labrego. 35 anos. | 7. OSCAR GONZALEZ FIGUEIRAS. Mestre en educación física. 32 anos. | 8. M^a TERESA FIGUEIRAS BLANCO. Mestra en educación infantil. 30 anos. | 9. JORGE DIAZ VARELA. Instalador electricista e técnico especialista en mantemento. 34 anos. | 10. LAURA QUIROGA JORGE. Ama de casa. 42 anos. | 11. XULIO DES DIZ. Médico. 50 anos. | 12. BRAULIO CORREA POMBO. Médico. 56 anos. | 13. ALBERTO ALVAREZ POLLOS. Comerciante sector téxtil. 53 anos. | 14. EVA FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ. Administrativa. 49 anos. | 15. MARÍA LUZ VEGA VÁZQUEZ. Técnico de farmacia. 51 anos. | 16. JOSÉ MERA LÓPEZ. Ferroviario. 47 anos. | 17. CRISTINA MÉIJOME RIVERA. Mestra. 29 anos. | s1. SERAFÍN CARLOS LOPEZ RODRÍGUEZ. Funcionario. 61 anos. | s2. MANUEL CASANOVA DIAZ. Empregado ADIF. 61 anos.

A CANDIDATURA

espertamonforte! é moito máis que unha cara. É moito máis que varias caras. Somos cidadáns, non políticos. Vimos a traballar, sin descanso, por transformar Monforte. E faremolo dende aquí, para Monforte e pensando nada máis que en Monforte. Unha nova maneira de facer política, fuxindo da confrontación estéril pero esixindo do resto de administracións un trato digno. Traballaremos sin ataduras en ningures, sin ter que dar conta a ninguén máis que aos veciños.



Despertamonte!

ti decides o Monforte que queres







compromisos 
iniciativas 
proxectos 
ideas 

O PROGRAMA

espertamonforte! leva meses desenvolvendo un intenso traballo, celebrando asembleas abertas, xuntanzas con veciños, asociacións e colectivos. Coñecendo, de primeira man, os problemas en diferentes ámbitos municipais e deseñando propostas que permitan mellorar a vida dos veciños.

Pero non vimos a traer fume, medidas imposibles ou proxectos rechamantes só para apañar votos. Definimos o noso programa en 4 tipos de medida, en función da vinculación posible:

-  **Compromisos:** As obrigas ineludibles que se levarían a cabo se gobernara espertamonforte!
-  **Iniciativas:** Plans que espertamonforte! intentaría levar a cabo.
-  **Proxectos:** Plans de actuación que espertamonforte! se propón impulsar en colaboración con outras administracións e organismos oficiais a nivel nacional e estatal.
-  **Ideas:** Posibles proxectos que serían interesantes poñer en marcha para mellorar a situación da nosa vila



espertamonforte!

ti decides o Monforte que queres

reequilibrio

**SANIDADE
ASISTENCIA SOCIAL
HOSPITAL
AXUDA A DOMICILIO
DEPENDENCIA
COIDADORES**



A pesar de o gasto social no concello de Monforte ser importante, este non está a cubrir as necesidades dos nosos veciños. *espertamonforte!* é consciente de o envellecemento da poboación levar consigo un acrecentamento das demandas de axuda, o que implica un aumento do gasto; porén as políticas da Xunta de Galicia neste ámbito provocan tantos recortes que os concellos, sobre todo os de menos de 20.000 habitantes, están a sufrir moito para fornecer aos seus veciños unha cobertura adecuada e suficiente.

Sen ir máis lonxe, en Monforte, a atención ao público, as valoracións, a xestión, as visitas, as intervencións urxentes, o xantar na casa... están nas mans de só tres traballadoras sociais, unha auxiliar, unha psicóloga e unha educadora. A todo isto súmase a circunstancia das competencias directas en sanidade dos concellos seren limitadas. Con todo debemos ser conscientes de que podemos xuntar esforzos e aumentar a participación dos veciños con ganas e ilusión de traballar por e para Monforte.

No entanto, a pesar de todas as dificultades, pretendemos levar adiante nesta área unhas medidas realistas, loitando tanto polo social como polo mantemento do hospital e a recuperación dunha área sanitaria propia, así como pola educación sanitaria, nos centros educativos e centros de maiores, e coa poboación en xeral.

MONFORTE, PREOCUPADA POLO SOCIAL.



Revisaremos e faremos un seguimento do contrato de axuda a domicilio.



Faremos un estudo económico do gasto en servizos sociais, a fin de municipalizar a axuda a domicilio e outros servizos de asistencia social.



Valoraremos a posibilidade de comarcalizar os servizos sociais para un mellor aproveitamento dos recursos.



Visitaremos a todos os usuarios de axuda a domicilio edependentes que así o quixeren ao menos unha vez ao ano.



Crearemos un gabinete do social e manteremos reunións mensuais con todas as asociacións que traballan en calquera das modalidades de asistencia social, para un mellor aproveitamento dos recursos.



Dotaremos o concello con máis unha traballadora social.



Visitaremos cada tres meses as residencias de maiores de Monforte, para defender as necesidades de residentes e familiares e proporcionarémoslles actividades.



Promoveremos e fomentaremos un programa de voluntariado social.



Poremos en marcha un programa de "Coidar o coidador principal".



Poremos en marcha un programa de acollemento, tanto no rural como na zona urbana.




Apoiaremos os pais dos nenos do Centro de Educación Especial Infanta Elena na súa demanda dun centro de continuidade.



Acompañaremos a persoas con discapacidades físicas na detección de barreiras arquitectónicas e sensibilizaremos o resto da poboación sobre o problema.



Suprimiremos as barreiras arquitectónicas, para facilitar a mobilidade daqueles que o precisaren.



MONFORTE, UNHA ÁREA SANITARIA

Co

Defenderemos a asistencia sanitaria, universal e gratuíta, así como todos os servizos do Hospital Comarcal de Monforte.

Id

Recuperaremos área sanitaria, con todas as súas capacidades.

Pr

Mediaremos co Servicio Galego de Saúde (SERGAS) para intentar conseguir unha Unidade de Xeriatria que funcione como asistencia sanitaria a persoas maiores e como residencia temporal en casos especiais.

Co

Programaremos actividades de educación sanitaria a poboación, con especial atención aos centros educativos, aos cuidadores principais de persoas dependentes e aos centros da terceira idade (Por exemplo, mediante programas de prevención da obesidade, potenciaremos o consumo de dietas equilibradas que inclúen produtos alimenticios de proximidade).

Pr

Dotaremos o concello coa figura da Enfermeira Comunitaria de Enlace.

Co

Axudaremos no posíbel (por exemplo, facilitando lugares de reunión) a todas as familias e persoas con "enfermidades raras", que na maioría dos casos non están recoñecidas ou cubertas pola asistencia pública.

Pr

Loitaremos para a valoración dos casos de "enfermidades raras" ser feita en Monforte



medio rural

**VALORIZACIÓN
DESENVOLVEMENTO
DIGNIDADE
DIVULGACIÓN
INFRAESTRUTURAS
COLECTIVO
PATRIMONIO
COORDINACIÓN
RECURSOS
ORDENACIÓN
RENOVACIÓN**



No medio rural, por diferentes motivos, radica sen dúbida unha das principais alternativas de futuro do noso concello e comarca. A dinamización do territorio e a subsistencia da poboación pasan irremediabelmente polo impulso do rural, xa que nel radica un importante potencial de desenvolvemento: a maior parte dos recursos de que dispomos para podermos recuperar a capacidade produtiva.

Neste sentido, en **espertamonforte!** queremos devolver ao rural a dignidade perdida, recoñecendo ás nosas xentes o que son e o que fan, defendendo os dereitos dos colectivos máis sensíbeis e minorizados, dinamizando a vida social, cultural e profesional, proporcionando as infraestruturas e servizos precisos e implantando novamente os valores perdidos.

Tamén apostamos por un modelo de desenvolvemento ordenado, que protexa o medio rural, que promova un aproveitamento sustentábel dos recursos, estimule a súa multifuncionalidade, valore os nosos produtos e achegue novas vías de comercialización, mellorando así a nosa capacidade produtiva e económica.

De igual maneira, defendemos a nosa cultura: lingua, tradicións, patrimonio, paisaxe, etc.; e promovemos a participación e a coordinación entre os diferentes colectivos e a relación entre a sociedade rural e a urbana, para podermos entender todo isto como algo xusto, preciso e de interese para o progreso e a vida en común.

DIGNIFICAR E RECOÑECER O VALOR QUE TEN O RURAL É PRIORITARIO.

Crearemos, nas parroquias do ámbito rural, un consello parroquial composto por representantes dos diferentes grupos de idade e dos colectivos sociais e profesionais que compoñen a comunidade veciñal: pedáneo, membros das asociacións veciñais e culturais, da comunidade de montes, etc. Esta xunta veciñal, para alén das competencias que corresponden aos propios colectivos integrantes, terá como función identificar as necesidades da parroquia e propor posíbeis solucións.

Co

Aproveitaremos as organizacións asociativas e os locais sociais parroquiais como principais medios para dinamizar a vida no rural, procurando implementar, a través destes, aqueles servizos que foren posíbeis.

Co

Desenvolveremos parte da actividade social e cultural do concello nas parroquias rurais en colaboración cos diferentes colectivos e asociacións involucrados: exposicións itinerantes, concertos, representacións teatrais, palestras, coloquios e conferencias, etc.

Co

Desenvolveremos actividades divulgadoras dos diferentes aspectos do rural, implicando os veciños e os colectivos involucrados recoñecéndolles o seu papel protagonista.

Co

Promoveremos e conservaremos as infraestruturas precisas, eficaces e eficientes para posibilitar a vida digna das familias que residen no rural e o correcto desenvolvemento das explotacións e negocios aquí radicados: vías de acceso necesarias, sinalización, rede eléctrica e de datos adecuada, locais sociais, rede de saneamento, etc.

Co

Forneceremos a protección social e defenderemos os dereitos dos colectivos máis sensíbeis (anciáns, nenos, discapacitados, desempregados, etc.) ou minorizados (homosexuais, transexuais, inmigrantes, xitanos, etc.), sempre en colaboración cos afectados.

Co

Destacaremos o papel fundamental da muller na cultura rural e defenderemos os seus dereitos. Propoñemos a revalorización das casas de adobe, favorecendo a súa restauración e inclusión no patrimonio.

Co

Promoveremos hábitos de vida saudábel relacionados coa alimentación, o exercicio físico, o consumo, o lecer, etc.

Co

Fomentaremos e incentivaremos o traballo en común e o interese polos nosos recursos e patrimonio mediante a priorización de certos servizos e infraestruturas e á aplicación de determinadas exencións.

In

Fomentaremos os valores de neorruralismo e implementaremos os medios necesarios para favorecer unha vaga de renovación no rural que permita á nosa xuventude construír un futuro aquí.

In

Promoveremos actividades relacionadas coa educación agroambiental e cultural, entendendo a sociedade rural, nuns casos, como destinataria destas actividades e, noutros casos, como membro activo do equipo formador.

Pr

Desenvolveremos unha feira da cultura rural que abranca diferentes temáticas para a exposición e venda (artesanía, produtos agroalimentarios, gando, patrimonio natural e cultural, librería especializada en temas agrarios, ambientais e culturais, asociacións, empresas e profesionais, etc.) e tamén para as demostracións e visitas (casa labrega, actividades agrarias e domésticas de interese, patrimonio natural e cultural, etc.).

Pr

ORDENAR E PROTEXER O RURAL É UNHA CUESTIÓN ESTRATÉXICA

In Desenvolveremos unha ordenanza municipal para o ordenamento e a protección do medio rural que cele especialmente pola súa sustentabilidade e pola convivencia entre as persoas e os colectivos que aquí residen. A respecto disto, se for elaborado un PXOM, esta norma deixaría de ser precisa por ficar recollida no dito plan.

In

Forneceremos un servizo municipal de vixilancia rural.

In

Crearemos unha comisión municipal de mediación e valoración.

Pr

Promoveremos a rehabilitación de edificacións, dando prioridade a aquelas que representen os valores da arquitectura popular.

Pr

Realizaremos un uso máis eficiente do territorio a través do fomento dun banco de terras e de vivendas.

Pr

Proporemos a creación dunha figura de protección do espazo rural.

APROVEITAR SUSTENTABELMENTE OS RECURSOS É UNHA APOSTA DE FUTURO

Co

Promoveremos, a través dos diferentes entes territoriais (consellos parroquiais, servizo municipal de desenvolvemento rural, coordinadora, asociacións profesionais, etc.), estudos sobre os diferentes recursos do rural: valorización, aproveitamento sustentábel, vías de comercialización, etc.

Co

Promoveremos a catalogación, documentación, sinalamento e, na medida do posíbel, a valorización (protexendo, conservando, recuperando, mellorando, etc.) dos recursos de interese intrínseco existentes no concello en colaboración coas persoas e colectivos involucrados: o patrimonio natural (hábitats, biodiversidade, árbores senlleiras, xeomorfoloxía, etc.), o patrimonio cultural (monumental e histórico, etnográfico, artístico, relixioso, literario, gastronómico, oficios, toponimia, ritos e tradicións, etc.) e as infraestruturas de interese turístico e titularidade municipal.

Co

Fomentaremos a profesionalización dos diferentes sectores produtivos do rural.

Co

Crearemos un banco de sementes da Terra de Lemos.

In

Instauraremos unha bolsa de estudos municipal para aqueles investigadores que estiveren a desenvolver algún traballo non produtivo relacionado directamente con calquera aspecto do noso territorio. Esta bolsa podería consistir en ofrecer de maneira gratuíta ao investigador unha vivenda de titularidade municipal mentres o seu traballo se estiver a desenvolver.

In

Favoreceremos, a través dunha liña de axuda, a creación de novas iniciativas relacionadas cos usos e os produtos tradicionais do noso rural e vinculadas ao aproveitamento sustentábel dos recursos e á creación de postos de traballo digno, dando prioridade a aquelas que fomentaren a racionalización e a eficiencia no aproveitamento dos recursos a través do asociacionismo e o cooperativismo.

In

Promoveremos a incorporación da xuventude do rural ao mundo laboral.

VALORIZAR OS RECURSOS É GARANTE DE CALIDADE E COMPROMISO



Fomentaremos o recoñecemento dos produtos do noso rural por parte de todas aquelas etiquetas valorizadoras en que puideren encaixar: Agricultura Ecolóxica, Galicia Calidade, Producto Artesán Galego, etc.



Promoveremos o comercio e o consumo local e a implantación de novas vías de comercialización que valoricen na maior medida posíbel os nosos produtos.



Aproveitaremos ou redeseñaremos diferentes espazos preexistentes (comercios locais, praza de abastos, feira, mercado dominical, establecementos turísticos, etc.), e deseñaremos outros novos para serviren como escaparate ou puntos de venda dos produtos locais.



Crearemos unha etiqueta valorizadora que identifique os produtos de calidade do noso territorio, "Produto da Terra de Lemos". A calidade destes produtos deberíase valorar en función dunha serie de parámetros: calidade intrínseca do produto, relación cultural, innovación, presentación, etc.

AXUDAR, INFORMAR E FOMENTAR A PARTICIPACIÓN E A COORDINACIÓN É CHAVE

Promoveremos unha coordinadora para a valorización do medio rural, composta por todos os actores envolvidos neste campo, que teña como funcións principais:

- Recoller información de interese para os implicados e asesoralos nas diferentes cuestións que os afectan.
- Desenvolver programas de intercambio con outros organismos e territorios.
- Fomentar o asociacionismo, a participación e o traballo en común.
- Demandar infraestruturas e servizos eficaces e eficientes que proporcionen unha vida profesional e familiar digna.
- Defender os dereitos dos colectivos desfavorecidos e minoritarios.
- Identificar os recursos produtivos de interese, promovendo a multifuncionalidade e o aproveitamento sustentábel.
- Valorizar os nosos produtos, engadíndolles o máximo valor e procurando as mellores vías de comercialización.
- Defender e divulgar o noso patrimonio natural e cultural.
- Dinamizar turisticamente o territorio, identificando e promovendo os seus recursos, infraestruturas e servizos de interese.



Crearemos un servizo municipal de dinamización e desenvolvemento rural que, con persoal municipal (técnico de desenvolvemento local, técnico de medio ambiente, etc.), tería como funcións:

- Axudar na tramitación de documentación e solicitudes.
- Promover estudos sobre os recursos, atendendo á súa valorización, ao seu aproveitamento sustentábel e ás novas vías para a súa comercialización.
- Difundir os diferentes aspectos de interese do rural.
- Promover estudos sobre os bens patrimoniais, a súa conservación e a súa divulgación.
- Asesorar a poboación rural e potenciar iniciativas de desenvolvemento.
- Promover a participación e a coordinación entre os diferentes colectivos.
- Dinamizar social, cultural e turisticamente o territorio.



Procuraremos centralizar, nunha mesma ubicación, espazos de traballo e xuntanza para todos aqueles colectivos relacionados co desenvolvemento, a dinamización e a valorización do rural: consellos reguladores, asociacións veciñais, asociacións de propietarios e usuarios, asociacións profesionais, asociacións culturais, ambientais e de recursos naturais, etc.



desenvolvemento privado

**EMPRENDEMENTO
FORMACIÓN
MARCA LOCAL
COMERCIO
INDUSTRIA
FEIRA
PRODUTO AUTÓCTONO
BENS COMÚNS**



O desenvolvemento privado é o principio fundamental sobre o que se asenta a economía municipal, e inflúe de maneira directa na calidade de vida e no benestar cultural e social. Un dos problemas máis importantes deste ámbito nas localidades do rural galego é a caída demográfica, que, ademais do drama cultural, implica unha perda substancial de poboación activa.

As administracións públicas deben intensificar esforzos para establecer os mecanismos oportunos que permitan revertir esta situación coa maior rapidez posible. Favorecer o crecemento do tecido empresarial e os novos emprendementos, e consolidar os xa existentes mediante iniciativas que axuden a xerar empregos de calidade e crear novas entidades e inversións económicas no municipio.

A falta de investimentos neste ámbito durante os últimos anos teñen condenada a nosa vila a unha grave situación de atraso empresarial. Monforte debe situarse á par doutros concellos similares, investindo os recursos necesarios para se adaptar con celeridade á realidade empresarial. A fin de conseguirmos este obxectivo, cremos na necesidade de traballar a fondo no desenvolvemento de novas estruturas materiais e humanas que realicen este labor de maneira eficiente.

MONFORTE, AVANZANDO CARA AO EMPREGO

- Co** Crearemos unha unidade municipal de desenvolvemento, a "Locomotora de emprego", aproveitando os recursos humanos provenientes das subvencións autonómicas.
- Co** Realizaremos un asesoramento directo a novos emprendedores e persoas desempregadas.
- Co** Crearemos un punto de encontro entre ofertas e demandas de emprego na comarca.
- Co** Desenvolveremos e xestionaremos a formación relacionada coa formación profesional e o emprego.

MONFORTE, O EMPRESARIO TAMÉN CONTA

- Co** Crearemos un directorio de empresas locais con quen manter un contacto continuado.
- Co** Regularemos e apoiaremos o mercado dominical dende o concello, segundo os seus principios fundacionais.
- In** Crearemos un centro de iniciativas empresariais para facilitarmos a incorporación de novos emprendedores e como punto de encontro entre empresarios comarcais.
- Pr** Fomentaremos a utilización de escaparates vacíos para novos proxectos como, por exemplo, a mostra de produtos autóctonos ou o seu aluguer a outros comerciantes para promocionaren as súas mercadorías.

MONFORTE REINVÉNTASE

- Co** Reubicaremos a feira e reinventaremos os seus contidos e metodoloxías.
- Co** Peonalizaremos e humanizaremos o casco histórico de forma progresiva.
- Co** Regularemos o estacionamento para a dinamización do comercio.
- Co** Traballaremos decote con intensidade e dureza a fin de que as administracións implicadas rebaixaren sustancialmente o prezo do chan no polígono industrial; así mesmo, esixiremos sistematicamente a creación e mantemento duns servizos dignos neste lugar.
- In** Promoveremos a realización dunha feira sobre rehabilitación centrada na bioconstrución.

MARCA MONFORTE, O PRODUTO LOCAL



Traballaremos na creación dunha etiqueta valorizadora, 'Produto da Terra de Lemos', con que pór en valor os produtos de calidade feitos na comarca, que será implantada dunha maneira progresiva.



Continuaremos coa potenciación da marca "Mercados de Monforte" racionalizando o gasto actual por medio de novas ideas promocionais.



Desenvolveremos o carné "Vive en Monforte", para bonificar os veciños empadroados no concello con diferentes vantaxes nos servizos públicos e privados.



Incentivaremos a venda de produtos locais mediante iniciativas innovadoras en mercadotecnia.

O MONFORTE QUE ESCOITA, O MONFORTE QUE FALA



Difundiremos convenientemente as subvencións públicas das diferentes administracións que puideren acollerse os cidadáns e empresarios monfortinos.



Fomentaremos e coordinaremos interrelacións entre entidades e asociacións para mellorar a realización de actividades conxuntas aproveitando as sinerxias e forzas xa existentes.



Divulgaremos e fomentaremos a economía do ben común.



Crearemos un servizo municipal para a xestión, a divulgación e o acceso amplo dos bens comúns do noso concello que inclúa os seguintes proxectos: un banco de terras, un banco de vivendas, un banco de tempo, un banco de sementes...



medio urbano

**TRANSPORTE
PXOM
URBANISMO
TRÁNSITO
INFRAESTRUTURAS
LEGER ACTIVO
ESPAZOS PÚBLICOS
ZONAS VERDES
REHABILITACIÓN
RECONSTRUCCIÓN
MOBILIARIO URBANO**



Apostarmos polo desenvolvemento sustentábel, "aquel que satisface as necesidades do presente sen comprometer as necesidades das futuras xeracións", tal e como define o informe Brundtland (1987), implica fixarmos as liñas mestras do Monforte que queremos para o futuro, mais comezando a traballar en prol dunha cidade habitada de forma homoxénea, segura, accesíbel e de calidade que teña algo que ofrecer por si mesma aos seus habitantes e visitantes.

O urbanismo debe contribuír para o desenvolvemento sustentábel humano e urbano, con criterios de innovación, inclusión social e calidade urbana e ambiental, e debe servir tamén como base para a planificación estratéxica ao servizo dun proxecto de cidade desexábel e acordada cos axentes económicos e sociais e, ante todo, incluír un plan flexíbel.

Unha cidade horizontal en conformidade coa tradición histórica, un modelo sostíbel, orixinal, antiespeculativo e con calidade de vida; onde se favorezan as pequenas empresas constructoras e artesáns de proximidade fronte a grandes empresas foráneas; unha cidade que pensa no rural e nas beiras do Cabe, parte esencial da súa personalidade.

Van anos de laxismo, de non cumprir normas nin ordenanzas existentes, de destruír o patrimonio, a paisaxe e a harmonía urbana, anos de "buracos negros" onde non viven veciños e casa en ruínas

Sermos capaces de aprobar un PXOM e estabalecermos o modelo de cidade que queremos, xustificaría por si só a existencia de espertamonforte!

EN PRIMEIRO LUGAR, MONFORTE



Crearemos unha xerencia/ oficina municipal de urbanismo coa contratación, ou creación dunha praza, de arquitecto municipal con formación en urbanismo e seleccionado con criterios de mérito e transparencia.



Entrevistaremos con diversos axentes sociais e económicos, profesionais locais da arquitectura e os redactores do proxecto do PXOM, a fin de que o explicaren na súa filosofía, xa que existe un traballo feito onde se investiu moito tempo e diñeiro; trataremos de acadar consensos (sen se deixar presionar por intereses especulativos de terceiros) e, se o plan coincidir basicamente co noso proxecto, apostaríamos por el garantindo a inclusión na ordenación de toda construción legal existente.



Revisaremos as normas subsidiarias e complementarias por que se rexe actualmente o concello para ver en que aspectos se poden adaptar ao noso programa, evitando así que continúe a desfeita urbana e valorando a elaboración de plans parciais, plans especiais, estudos de detalle...), mentres non se aprobar un PXOM.



Elaboraremos un catálogo de edificios singulares (non monumentos) da arquitectura civil modernista, arquitectura popular, e construcións de valor etnográfico que conforman a tipoloxía histórica e a personalidade de cidade e concello.



Elaboraremos un catálogo de construcións de valor etnográfico, tales como: muíños, hórreos, chapacuñas, cabanas de pastoreo, etc.)



Elaboraremos un catálogo de edificios relacionados coa historia industrial: (Chacinera, construcións de Renfe, minas do Freixo, cerámica do Castelo, etc.)



MONFORTE, URBANIDADE CÍVICA

Co

Elaboraremos un plan de urbanismo.

Co

Favoreceremos a rehabilitación e a rexeneración urbana.

Co

Aplicaremos unha exención de taxas (1% simbólico) nas obras de rehabilitación de edificios vellos.

Pr

Ampliaremos a área de rehabilitación integral (ARI), pero mantendo unha idea global de cidade.

Co

Axudaremos a pequenas empresas construtoras e os artesáns de proximidade fronte a grandes empresas foráneas.

In

Favoreceremos a creación de Incubadoras de Empresas ou Viveiros de Empresas (lugares con alugueres moi baixos onde novos emprendedores puideren compartir un espazo e uns servizos comúns, conexión telefónica, internet, etc.) Esta iniciativa levaríase a cabo en edificios públicos que a día de hoxe se encontraren infrautilizados ou en desuso. (como por exemplo Expo-Lemos)

Co

Esixiremos responsabilidades aos propietarios para evitar a ruína.

Co

Primaremos o mantemento de infraestruturas fronte a novos investimentos.

Co

Actuaremos contra o vandalismo que deteriora os bens públicos.

Co

Revocaremos paredes e medianeiras en ladrillo en cumprimento das ordenanzas municipais existentes .

In

Crearemos zonas verdes en barrios con carencias importantes (por exemplo, na zona do hospital, abriremos á rúa a zona verde do hospital e ligarémola coa camiño da circunvalación.)

In

Poñeremos en valor edificios singulares (non monumentos) da arquitectura civil modernista, arquitectura popular , construcións de valor etnográfico que conforman a tipoloxía histórica da cidade e o Concello e que lle dan personalidade .



Conservaremos e limparemos o río Cabe e regatos da área municipal para facilitar o seu disfrute pero sen intervencións que impliquen a urbanización dos mesmos.



Acondicionaremos unha zona pública de baño no río Cabe



Aproveitaremos lugares en desuso dentro da cidade para crear "hortas urbanas" a disposición de quen quixer traballalas.



Abriremos espazos de uso público en solares vacíos, conforme aos seus propietarios, e darémoslles uso (mesas de ping-pong, cestos de baloncesto, etc.) a moi baixo custo, mesmo se temporalmente.



Promoveremos iniciativas para o acrecentamento do arboredo, que envolvan a cidadanía e o mecenato privado (por exemplo, plantar tantas árbores como habitantes ten a cidade)



Melloraremos a entrada a Monforte pola estrada de Chantada, xa que é unha das entradas principais da cidade (tipo "boulevard".)



Trataremos de mellorar a conexión entre o contorno rural e o urbano coa implementación do transporte público a nivel rural.



Actuaremos sobre a muralla medieval: rehabilitación integral e respetuosa que será abordada en diferentes fases.



Dotaremos máis importancia á muralla coa colocación de máis gallardetes e impulsárase o seu uso durante a feira medieval e a xudea.



MONFORTE, MELLOR LUGAR PARA VIVIR

Co

Rehabilitaranse vivendas antigas e alugaranse á xuventude, para facilitar o acceso á vivenda e deter o problema demográfico.

Co

Acrecentarase o arboredo urbano. Inicialmente crearase unha pantalla arbórea no parque dos Condes preto do muro leste a fin de tapar as edificacións que hai detrás.

In

Considerarase o arboredo no estacionamento do Parque dos Condes .

In

Crearase unha área verde entre as rúas Sarria e Celso Emilio Ferreiro: a ubicación dun parque en parte da zona de estacionamento daría máis identidade e transversalidade a esta zona, ademáis de pór en valor a conexión peonil do regato das Malloadas.

In

Conectaremos inicialmente de forma peonil a prolongación da rúa Sarria coa rúa da Estrela.

Id

Iniciaremos un plan parcial no regato das Malloadas por tras de Correos

Pr

Interviremos para mellorar o contorno e o acceso ao Museo do ferrocarril e para favorecer así a súa valorización.

Co

Poremos paneis informativos nas rúas para información ao cidadán de actos que se organicen: exposicións, eventos, farmacias de garda, etc.

Co

Revisaremos, racionalizaremos e faremos mantemento das sinalizacións en toda a área municipal, evitando duplicacións e destrución da actual.



- Co** Cubriremos as rotondas das entradas da cidade con viñas para valorizar Monforte como capital da Ribeira Sacra.
- Co** Elevaremos o hórreo da rotonda da entrada rúa Chantada.
- Pr** Facilitaremos a rehabilitación do muíño do Malecón.
- In** Rehabilitaremos e iluminaremos os edificios modernistas da rúa do Comercio.
- Co** Dotaremos de iluminación o túnel de baixo da N-120 na rúa Ánxel Fole
- Co** Controlaremos as terrazas dos bares no espazo público, revisando ordenanzas e facéndoas cumprir .
- In** Controlaremos o estacionamento indebido en espazos de carga/descarga ou en zonas prohibidas.
- Co** Controlaremos a área de autocaravanas, impedindo que se use para un fin inadecuado (por exemplo, a acampada prolongada de "ambulantes")
- In** Poremos bolardos para protexer o casco histórico peonil.
- Co** Redimensionaremos os estacionamentos de carga e descarga e faremos cumprir o seu uso .
- Pr** Defenderemos o soterramento de cabos no casco histórico.
- Co** Aprovaremos unha ordenanza de aires acondicionados, toldos e cartaces.



MONFORTE, CONCELLO LIMPO E SAUDÁBEL

- Co** Reordenaremos o tránsito peonil e rodado, ce peonalizaremos a ponte vella.
- Co** Facilitaremos e promoveremos os desplazamentos a pé e en bicicleta .
- In** Estableceremos un límite de 30 km/h no interior da cidade.
- Co** Estableceremos o sistema O.R.A no centro de Monforte, reservando zonas para uso de residentes. A implantación desde sistema iniciárase por fases e so xestión municipal.
- Id** Instalaremos un carril para bicicletas nalgunhas partes da cidade, mesmo se Monforte, polas súas características, pode ser transitábel toda ela en bicicleta sen resultar preciso un carril específico.
- Co** Reordearemos o tránsito pesado de camións pola cidade.
- In** Habilitaremos unha área de estacionamento de camións.
- In** Implementaremos unha unidade de Policía Municipal en bicicleta
- In** Favoreceremos a creación dun cámping.
- Co** Marcaremos con indicadores quilométricos os paseos máis usados ("percorridos de saúde")
- In** Potenciaremos aínda máis a figura do río Cabe e afluentes (crearemos unha rede de sendas onde a auga for o fío conductor.)
- In** Poremos en valor o regato das Malloadas, do parque dos Condes até o barrio das Casas Baratas (Pazo Molinos de Antero), coa creación dun paseo fluvial: comunicación interior polo regato entre Correos e rúa Sarria, conexión peonil entre a rúa Sarria e Doutor Fleming, posta en valor da ponte dos Picos e conexión coa zona de xogos existente no parque infantil da rúa Benito Vicetto.
- Pr** Traballaremos para a creación do parque do Río para Monforte, na lingua de auga situada na Pinguela. O feito de se estar a executar o paseo fluvial até Piñeira xustificaría este proxecto como peza dinamizadora. Deberíase favorecer a accesibilidade peonil e de bicicletas a través de creación de pasarelas que unirían Cobas e Carude. A proximidade da área deportiva da Pinguela, axudaría a conformar esta idea de gran área verde deportiva-recreativa-fluvial. (existe un edificio moi interesante ao final da urbanización da Pinguela que podería formar parte dese complexo: Centro de interpretación do río).

Id

Poremos en valor a Ruta dos Canais do regadío (son infraestructuras que rodean o val e que non están debidamente potenciadas como rutas para a bicicleta ou a camiñada).

Co

Promoveremos unha rede de camiños sinalizados, para paseo a pé ou en bicicleta: un que circunde o val de Lemos, "Integral ás cimas do val"; outro que conecte a cidade co seu contorno rural e a súa parte de Ribeira Sacra, entre Monforte, o mirador do Duque e a ponte de Abeleda, e tamén unha ruta máis salvaxe, de Gándaras a Froxende, à beira do Sil.

Co

Poñeremos en valor os miradoiros existentes no concello: Mirador do Duque e Miradoiro de Distriz.

In

Traballaremos pola recollida e tratamento de residuos urbanos. Estamos a favor do "cubeo" e avanzaremos na separación, especialmente da materia orgánica, e na compostaxe.

Pr

Crearemos unha planta comarcal de compostaxe.

Co

Limparemos o contorno dos monumentos máis singulares, como por exemplo, a porta dos Escolapios.

Co

Manteremos e limparemos as pistas e estradas de competencia municipal, segundo un plan anual, e vixiando que sua realización sexa coidadosa sen destruír sinalización de lugares nin muros de pedra, responsabilizando, de se produciren danos, a quen realice os labores.

Id

Poñeremos en valor o patrimonio industrial de Monforte e o seu contorno (Chacinera, Renfe, minas do Freixo, cerámica O Castelo): c fin de potenciar barrios con entidade como é o barrio da Estación, ubicariamos algún equipamento como, por exemplo, a creación dun espazo creativo vinculado á cultura; unha ubicación moi axeitada sería a reutilización das infraestructuras ferroviarias que se encontran a carón da estación de ferrocarril. Para todo este tipo de proxectos ou para aquelas zonas ou edificios, nos que sería interesante intervir a custo practicamente cero, poderíanse chegar a acordos coa Escola de Arquitectura da Coruña a fin de que os alumnos desenvolveren propostas dentro do grado de Arquitectura coma no de Máster.

Id

Promoveremos todo tipo de convenios con universidades, centros de investigación, ou centros de formación profesional. Chegar a convenios para a realización de obradoiros de verán, congresos, seminarios, etc. promovería unha economía derivada alén de situar a Monforte no mapa.

Id

Poñeremos en valor o patrimonio histórico, como por exemplo as casas da muralla ou o Pazo do Malvarón.

desenvolvemento público

PARTICIPACIÓN
TRANSPARENCIA
AUSTERIDADE NOS CARGOS
CONTRATACIÓN PÚBLICA
RECICLAXE
COMARCALIZACIÓN
REMUNICIPALIZACIÓN
IGUALDADE
OBXECTIVIDADE
CONFIANZA



Os constantes incumplimentos das promesas electorais derivou nunha desconfianza total dos cidadán nos poderes públicos, e así foron xurdindo mareas cidadás que procuran unha renovación total das institucións.

espertamonforte! pretende dar un xiro a esta convulsa situación actual, por medio dunha boa xestión dos recursos municipais, baseada na eficiencia, honestidade, transparencia e austeridade, a fin de dar resposta do mellor xeito posíbel ás necesidades e inqueanzas dos monfortinos, comezando pola boa xestión e mellora das funcións do concello.

Para atinxirmos os nosos obxectivos consideramos imprescindible a participación activa dos cidadáns na vida municipal. Os gastos e investimentos que realiza o concello débense adecuar aos intereses dos seus veciños, cuxas opinións deberán ser tidas en conta. Para isto, traballaremos coa máxima transparencia na xestión e manteremos continuamente abertas vías de participación cidadá, segundo a situación.

MONFORTE, XESTIÓN TRANSPARENTE

Buscarase a máxima transparencia no manexo das contas do concello, para o cal se habilitará o acceso de toda a información por internet e outros métodos alternativos. A información actualizarase como mínimo cada 3 meses. As contas publicaranse nun listado de gastos realizados, incluído cantidade, concepto e empresa que realiza o servizo. Tamén serán públicos os contratos de servizos asinados polo concello.

Co

Farase licitación pública dos contratos por prezo superior aos 18.000 €, excepto casos de urxencia xustificada. En caso de non alcanzar este criterio, como mínimo solicitaranse orzamentos a diferentes empresas e a resolución será sempre motivada. Favorecerase a contratación con empresas de Monforte e comarca, fomentando a comunicación co concello e facilitándolles a presentación ás contratacións mediante o asesoramento continuado en tódolos pasos e trámites administrativos.

Co

Co

Realizarase e farase público un inventario dos bens do Concello, actualizado periodicamente.

Co

Os orzamentos municipais e os proxectos de investimento que sexan irreversíbeis ou supuxeren unha modificación sustancial da situación durante máis dunha lexislatura serán participativos, de maneira que os veciños tiveren voz na súa elaboración e condicións.

In

Promover o uso de Internet e outras tecnoloxías, sempre dentro do respecto e a implementación de vías alternativas para aquelas persoas que preferiren prescindir deste recurso ou limitar a súa utilización.

Pr

Realizaremos unha auditoría das contas municipais ao comezo e ao fin da lexislatura, incluíndo a sociedades municipais. Os resultados destas auditorías serán públicos.

UN MONFORTE COMPROMETIDO

Co

Revisaranse os contratos vixentes do concello para velar polo cumprimento íntegro das cláusulas e farase a correspondente reclamación en caso contrario.

Co

Os cargos electos municipais de **espertamonforte!** percibirán o triplo do salario mínimo interprofesional para concelleiros con dedicación exclusiva (27.241,2 € brutos para o 2015) e o cuádruplo para o alcalde (36.321,6 €). Os gastos por dietas de desprazamento e pernoitamento abonaranse, após xustificación mediante factura, conforme os máximos establecidos nas bases de execución e no RD 462/2002.

In

Promover o emprego e a ocupación mediante a asignación de recursos para a organización de cursos, a mediación e a promoción da organización dos diversos sectores económicos da vila.

In

Desenvolveranse actividades alternativas de reciclaxe de residuos e compostaxe, fomentarse o seu aproveitamento económico en beneficio dos monfortinos.

Pr

Instalaranse placas solares e outros sistemas de aforro enerxético nos edificios públicos e traballarase en prol dun sistema de reciclaxe sustentábel.

Id

Fomentaremos o emprego de calidade para os traballadores do Concello e para as persoas que atenden os seus servizos, sempre segundo os principios de austeridade, eficiencia e servizo público.

MONFORTE COS SERVIZOS PÚBLICOS

In

espertamonforte! buscará a confluencia cos concellos veciños para levar adiante unha comarcalización dos servizos, e procurará a formación de mancomunidades se é posíbel, en aras dunha mellor xestión de servizos comúns.

Id

Camiñarase cara á municipalización dos servizos do concello, evitando a súa externalización e recuperando os que estiveren nesa situación.

MONFORTE, XESTIONANDO EN IGUALDADE

Co

Na asignación de recursos públicos priorizaranse as persoas en situación de especial necesidade.

Co

Defenderase a igualdade nos criterios de asignación dos recursos para todos os cidadáns, colectivos ou sectores. Os ditos criterios serán públicos e baseados no interese social das actividades.

Co

O concello colaborará na promoción e mantemento das iniciativas económicas, artísticas e culturais dos monfortinos.

Co

O concello asignará recursos de xeito preferente para favorecer a educación, a cultura e o deporte, tanto na súa política de concesión de subvencións como na actividade mediadora e de promoción, con especial atención á xuventude.

In

Fomentaranse e daranse alternativas de lecer creativo e alternativo para a xuventude, que poñan en valor os principios democráticos, de igualdade, éticos e culturais.



igualdade

**CONCILIACIÓN
CORRESPONSABILIDADE
TRANSVERSALIDADE
PARTICIPACIÓN
DISCRIMINACIÓN**

A igualdade entre homes e mulleres é un principio que avanzou de maneira moi notábel nos últimos anos. É recoñecida en numerosos textos internacionais sobre dereitos humanos e documentos legislativos que o dereito á igualdade e á non discriminación por razóns de sexo, así como a obriga dos poderes públicos a eliminar os obstáculos e promover as condicións para que isto sexa efectivo.

A par deste avance e recoñecemento, o papel da muller mudou na nosa sociedade a grande velocidade, cunha maior presenza e integración no terreo político, social e económico. No entanto, aínda continuamos a arrastrar comportamentos característicos de épocas pasadas, sobre todo nos grupos de máis idade, aínda que tamén nas xeracións máis novas.

En **espertamonforte!** sabemos que queda moito por cambiar e traballaremos en todos os ámbitos posíbeis para que a igualdade sexa real e non só formal e para facermos desaparecer todos os casos de violencia e discriminación, incluíndo aquela máis indirecta e encuberta.

MONFORTE, CONCILIADORA DA VIDA LABORAL E PERSOAL

In

Promoveremos as actividades de orientación, formación ou subvención á contratación de persoas que veñan de estar tempo inactivas por coidado de familiar, menor ou dependente.

Id

Facilitaremos a conciliación da vida persoal, familiar e laboral sen menoscabo da promoción profesional (con máis prazas nas escolas infantís, centros de día, actividades, etc.)

In

Axudarémonos entre todos, grazas ao banco de tempo ou actividades de voluntariado.

MONFORTE, CIDADE PARTICIPATIVA

Co

Fomentaremos o movemento asociativo da muller, difundindo as súas características, composición, actividades, etc. e acrecentaremos a súa participación e o seu acceso a cargos de responsabilidade.

Co

Difundiremos todos os logros que foren acadados en temas de igualdade.

Co

Recoñeceremos publicamente todas as iniciativas individuais ou asociativas ao respecto disto.

MONFORTE, CONTRA A VIOLENCIA E A DISCRIMINACIÓN

Co

Defenderemos unha campaña para unha vida digna das identidades sexuais minoritarias.

Co

Apoiaremos en todo o labor do CIM, dándolle continuidade nos servizos de información, asesoramento e atención psicolóxica e xurídica e social en situacións de violencia de xénero, e garantiremos unha intervención rápida nos casos de malos tratos. Continuaremos co labor de detección e información sobre recursos, servizos e programas específicos de atención coordinándoos co resto de organismos e institucións. Implementaremos medidas positivas para priorizar o acceso aos diferentes servizos municipais das mulleres vítimas de violencia de xénero así como dos seus fillos e fillas e/ou maiores dependentes.

In

Favoreceremos a inserción sociolaboral das mulleres vítimas de violencia de xénero, dándolles prioridade no acceso a cursos de formación, programas de emprego e axudas municipais.

Pr

Daremos continuidade ao establecemento e consolidación de acordos con entidades públicas ou privadas que poideren ou xa estiveren a colaborar na prevención e erradicación da violencia de xénero e na recuperación das vítimas.

Co

Visitaremos a todas as mulleres con problemas de violencia de xénero que así o requiriren e previremos estas situación mediante accións formativas e de sensibilización.

Co

Potenciaremos a actividade de grupos de mulleres que presten atención, apoio e acompañamento ás mulleres en situación de malos tratos, e que contribúan á denuncia da violencia e dotaremos estes grupos de apoio de números de teléfono ou locais para realizaren a súa labor.

Co

Promoveremos mediante programas de atención a mellora da calidade de vida das mulleres, especialmente daquelas que se atopan en situación de especial vulnerabilidade (inmigrantes, xitanas, discapacitadas, en risco de exclusión, en situación de dependencia, en contextos de prostitución, etc.)

MONFORTE, EN IGUALDADE DE OPORTUNIDADES



Fomentaremos o acceso de homes ou mulleres a postos de traballo en que a súa presenza for escasa.



Proporemos como criterio de desempate para o acceso ao emprego a preferencia do sexo menos representado no posto a ocupar, sempre que for posíbel.



Dividiremos as prazas para accións formativas, lecer, etc. en femininas e masculinas igualitariamente.

MONFORTE, POLA IGUALDADE NO CONCELLO, NOS CENTROS EDUCATIVOS, NAS EMPRESAS, NO LECER...



Elaboraremos o III Plan de Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes (2016), difundíndoo e velando polo seu cumprimento, así como outros programas e recursos existentes no municipio.



Impulsaremos e realizaremos cantas investigacións de carácter histórico- científico, sociolóxicas e económicas, se crean necesarias ou convenientes, para afondar nun maior e mellor coñecemento do Sector Muller, creando e uníndose a grupos de investigación que a tal fin se constituíren.



Promoveremos accións formativas sobre o uso da linguaxe non sexista e en temas de igualdade.



Levaremos a cabo actividades cos departamentos de orientación dos centros educativos para a toma de decisións non estereotipadas sobre saídas laborais ou estudos superiores.



Conmemoraremos o 8 de marzo (Día internacional da muller), o 25 de novembro (Día internacional para a eliminación da violencia de xénero) e o 15 de outubro (Día nternacional das mulleres rurais.)



Promoveremos a participación en actividades de deporte, lecer e cultura afastadas de estereotipos de xénero.



Dirixirémonos a cuidadores principais de dependentes para asistiren a actividades de olecer e tempo libre.



Incluiremos temas de igualdade na radio (por exemplo, un consultorio para adolescentes ou a análise de temas musicais que traten o tema da muller ou a igualdade/desigualdade) e no canal de Youtube (análises de series de televisión, curtas, obras de teatro... e elaboracións propias.)



Crearemos unha Casa da xuventude, onde os xóvenes puideren pasar o seu tempo de lecer dunha maneira saudábel e proveitosa, con cafetería, noites temáticas, asesoramento, actividades de sensibilización e concienciación (p. exemplo, no uso responsable de redes sociais)

benestar

**MÚSICA
TEATRO
CINE
PINTURA
LITERATURA
CIBERCULTURA
RADIO - TV- CINE
PATRIMONIO
EDUCACIÓN
DEPORTE
TURISMO
FESTAS
NORMALIZACIÓN
LINGÜÍSTICA**

As diferentes administracións deben promover a cultura e o deporte e garantir que as persoas teñan acceso ao seu desfrute e poidan participar daquelas actividades que foren da súa elección.

En **espertamonforte!** defendemos a nosa lingua e cultura, promulgamos a participación cultural, unha educación inclusiva e continua, a promoción da creación artística e musical e defendemos o uso e desfrute dos bens patrimoniais dunha maneira social.

Do mesmo xeito, apostamos pola actividade deportiva como un vector necesario que eleva a calidade de vida da poboación, promove valores éticos e saudables e intensifica a cohesión interxeneracional e social.

Para conseguir todo isto, cremos que debe fomentarse a participación cidadá en todos os campos en que os habitantes de Monforte tiveren interese, para así puidermos levar a cabo proxectos interconectados e que enriquezcan máis, se couber, non só a poboación senón a cultura, a educación, o deporte e o benestar xeral.

MONFORTE, CIDADE CASTREXA, MEDIEVAL E FERROVIARIA

Co

Crearemos roteiros turístico-escolares con novas sinalizacións unificadas para dar a coñecer tanto aos cidadáns como ao turismo o burgo medieval levaro, o Museo do Ferrocarril e os castros e petróglifos da zona.

Co

Fomentaremos actividades culturais ligadas á zona antiga, como a Feira Medieval, que goza dunha grande acollida entre a poboación.

Pr

Atraeremos financiamento e axudas públicas para os comercios e residentes do burgo medieval e para a rehabilitación e promoción do barrio da Estación.

Pr

Atraeremos fondos para a rehabilitación da muralla e dalgúns edificios singulares.

Pr

Propomos realizar en colaboración coas asociacións culturais máis actividades culturais ligadas á Feira Xudea e tamén representacións teatrais na rúa para conmemorar o levantamento contra as tropas francesas (Francesadas)

Pr

Propomos dinamizar a estación coa irmanación de Monforte con outras cidades ferroviarias, coa revitalización de centros históricos e co traballo no campo da memoria histórica.

Pr

Traballaremos en prol do coidado e posta en valor da nosa herdanza castrexa, partindo dunha boa investigación, localización, conservación, sinalización e difusión dos recintos castrexos.

Pr

Propomos a revalorización das casas de adobe, favorecendo a súa restauración e inclusión no patrimonio.

MONFORTE, COA LINGUA VIVA

In

Deseñaremos un Plan Municipal de Dinamización da Lingua Galega que terá como fin potenciar o uso da lingua galega no concello así como promover, asesorar, dinamizar e formar a todos os cidadáns que así o desexar.

Id

Traballaremos para recuperar a licenza de emisión da radio e TV municipais dinamizándoas dunha maneira plural co fin de potenciar a interrelación social e afianzar o uso do galego.

In

Crearemos unha Escola de Radio aberta aos cidadáns a través de internet en que poderán participar centros educativos, escolas de música e conservatorio, asociacións deportivas e culturais, etc.

MONFORTE, COMARCA FESTEIRA

Co

Traballaremos na liña de evitar a concentración de festividades en días e lugares chave, sobre todo durante o verán e nas festas patronais, xa que entendemos que as celebracións e festas que promova ou financie o concello son as de todas e todos.

Co

Primaremos as celebracións con certo "criterio artístico" e cultural, favorecendo aqueles actos e festas baseadas na recuperación de patrimonio cultural e tradicional (por exemplo: Samaín vs. Halloween).

Co

Retomaremos o impulso dunha comisión de festas na que estean involucrados o concello, as asociacións culturais e os colectivos empresariais (comercio, mercados e hostalería), e que participe na organización e no financiamento das festas patronais e doutras para facelas plurais, atractivas e sustentábeis.

EN MONFORTE A CULTURA CONTA

Co

Crearemos un Gabinete Municipal da Cultura e Educación co fin de impulsar programas para fomentar a participación activa da comunidade educativa na vida social e cultural do concello.

Co

Manteremos unha interlocución viva coas asociacións culturais e veciñais do concello apoiando as iniciativas culturais no posíbel.

Co

Faremos máis visible o traballo realizado no conservatorio e nas escolas de música, e promoveremos a participación dos nenos en actividades musicais.

In

Apoiaremos as iniciativas do conservatorio, das escolas de música e danza e dos grupos locais de levaren música ás rúas en distintos lugares do municipio.

Co

Manteremos e potenciaremos os roteiros musicais por colexios e institutos.

Co

Promoveremos as escolas de música como base da Banda Municipal e da Banda de Gaitas para creamos rede coas asociacións culturais que traballan en prol da conservación das artes tradicionais.

Co

Manteremos a colaboración coa Coral Polifónica, coa Banda de Música Municipal e coa Banda de Gaitas e promocionaremos a súa difusión dentro e fóra da comarca.

In

Crearemos extensións das escolas de música en determinadas parroquias.

Pr

Aumentaremos, no posible, o número de horas lectivas, tanto no conservatorio como nas escolas de música.

Co

Reforzaremos os lazos de colaboración con aquelas asociacións que promovan e organicen actos culturais, que presentando proxecto previo, vexan acrecentadas as achegas loxísticas do concello.

Co

Fomentaremos a iniciativa privada na promoción de actividades culturais e concertos mediante exencións ou rebaixas de taxas e crearemos unha rede de locais con programación permanente.

Co

Continuaremos e melloraremos o mantemento dos centros públicos de educación.

In

Catalogaremos, preservaremos e utilizaremos socialmente os bens patrimoniais.

Id

Promoveremos a creación dunha colección permanente, dado que non é economicamente sostíbel abrir un museo, propomos implementar dita colección para expór, entre outros, o Legado de Xan de Forcados e o patrimonio industrial e agrícola da zona.

In

Traballaremos activamente en prol da recuperación da memoria histórica.

In

Promoveremos a declaración de BIC para os Escolapios.

In

Poremos en valor a cultura monfortina a través de concursos, congresos e publicacións.

In

Fomentaremos o estudo patrimonial levado por parte de grupos de investigación.

Id

Traballaremos na recuperación do patrimonio dos luthiers e artesáns monfortinos e loitaremos pola súa valorización.

Pr

Ampliaremos os fondos e actualizaremos as instalacións da biblioteca municipal, e farémolos máis accesibles á cidadanía coa creación dun servizo dixital de consulta de catálogo e reserva online de volumes.

Id

Ampliaremos o horario da biblioteca municipal durante a época de exames universitarios e tamén os fondos bibliográficos segundo as peticións dos usuarios. Definiremos as liñas de investigación e adquisición da biblioteca, xa que unha biblioteca non pode ser só xeneralista, mais ten que axudar a potenciar as posibilidades e as dinámicas da zona.

Id

Traballaremos no mantemento dunha continua interlocución entre os espazos culturais dependentes do concello e os centros de ensino e os EDLG. Promoveremos as palestras (charlas) con escritores e escritoras, e tamén certames, estancias de artistas, proxectos "site-specific", publicacións de arte, etc. Axudaremos aos profesionais a fomentar o gusto pola lectura e as habilidades creativas con obradoiros para todas as idades.

In

Cambiaremos a ubicación da Escola de Gaitas xa que interfere no bo uso da biblioteca.

In

Integraremos socialmente as persoas con diversidade funcional, tanto física como psiquicamente, a través de eventos que fomenten a participación na actividade deportiva e na vida social e cultural da cidade.

In

Promoveremos a recuperación, a través do conservatorio e da escola de música, ou mediante convenios, do seminario de improvisación e música moderna e organización dun festival paralelo na última semana de agosto.

Id

Crearemos o Paseo dos Avós e pequenos con circuitos saudábeis e xogos tradicionais pintados polo chan, que procuren a harmonía entre a experiencia dos maiores nos xogos populares e a vitalidade dos nenos no exercicio físico, aproveitando a construción do paseo ao aire libre entre Monforte e Piñeira.

Id

Ampliaremos, actualizaremos e manteremos os equipos informáticos en todos os recintos culturais.

Id

Abriremos unha caixa de suxerencias en todos os espazos culturais.

- Id** Promoveremos un servizo de custodia de alumnado dos centros públicos unha vez rematada a xornada escolar de tarde.
- Id** Traballaremos para a gratuidade na entrada dos museos para os centros educativos e cun prezo simbólico para os cidadáns co carné "Vive Monforte".
- In** Potenciaremos os trens turísticos de Galicia, aproveitando a afluencia de viaxeiros que pasan por Monforte para lles mostrar a cidade.
- Id** Buscaremos o mecenato e o envolvimento privado para promover concursos e actividades de divulgación cultural.
- In** Apoiaremos as mostras de cine e as actividades relacionadas e aos colectivos que presenten proxectos previos nos que busquen a dinamización da comarca.
- In** Buscaremos o xeito de destacar o noso patrimonio arquitectónico mediante proxeccións sobre nas súas fachadas e outras actividades relacionadas.
- In** Apoiaremos a formación e mantemento de grupos de teatro locais ou as asociacións que os promoveren.

MONFORTE, CIDADE DEPORTIVA

- Co** Crearemos un Gabinete Municipal do Deporte, no que estarán representados todos os estamentos do deporte da cidade e terá un carácter consultivo sobre a política deportiva do Concello.
- Co** Manteremos as actuais escolas de iniciación deportiva e crearemos novas, en convenio cos clubs que segundo demanda ou o interese social.
- Co** Substituiremos o actual sistema de subvencións nominativas ás entidades por un sistema que fomente o deporte en idade escolar, a promoción da actividade física na cidade, a colaboración co concello no desenvolvemento do deporte municipal e a organización de eventos deportivos, así como o número de participantes, os éxitos acadados e a súa representatividade.
- Co** Manteremos a gratuidade das instalacións deportivas para as categorías inferiores e subvencionaremos a súa utilización por parte das categorías absolutas.
- Co** Desenvolveremos un regulamento municipal relativo á explotación publicitaria das instalacións deportivas.
- In** Institucionalizaremos o "Día da bicicleta", como elemento dinamizador da saúde, promoción deportiva do ciclismo e fomento da utilización deste medio de transporte desde o punto de vista medioambiental.



Organizaremos os Xogos Municipais, como complemento á reducida actividade que o deporte escolar desenvolve.



Fomentaremos a incentivación, con institucións deportivas e académicas, de actividades de docencia para a preparación de técnicos de diferentes deportes.



Celebraremos o "Día do deporte", desenvolvendo unha xornada ao aire libre en que realicen as actividades deportivas que se practiquen en Monforte, coa colaboración das diferentes entidades.



Estudaremos a viabilidade da remunicipalización da piscina municipal e, en tal caso, levarémola a cabo.



Dotaremos do material necesario ao pavillón municipal e ás pistas de atletismo da Pinguela, e avanzaremos na súa mellora ca fin de seren autorizadas para competicións oficiais.



Creación de circuitos saudábeis, aproveitando a construción do paseo ao aire libre entre Monforte e Piñeira.



participación e ética cidadá

**INFORMACIÓN
TRANSPARENCIA
ACORDOS**

**RELACIÓN COAS
INSTITUCIÓN**

Actualmente o concello de Monforte de Lemos ofrece certos servizos que entendemos son insuficientes e deben ser ampliados para alcanzar unha maior transparencia e facilitar unha maior participación e información aos cidadáns.

Si ben algún dos puntos marcados como compromisos (e mesmo como iniciativas ou propostas) xa existen, avogamos polo seu mantemento e maior difusión e explicación. Rexerémonos segundo estes principios xerais:

1. **Indicadores de transparencia:** Adecuación progresiva aos índices de transparencia ITA actualizados anualmente. Sumisión a control por parte de Transparency Internacional España do grado de cumprimento dos mesmos.
2. **Regulamento de Participación y Ética Cidadá:** actualizar e pór en valor o texto de 2003.
3. **Posta en marcha da Axenda Local 21,** coidando especialmente de non limitar a participación cidadá e buscando alcanzar obxectivos vinculantes.

INFORMACIÓN SOBRE A CORPORACIÓN MUNICIPAL

Candidatos electos e representantes municipais:

- **Farán declaración xurada e gravada de cumprir o establecido no manifesto e código ético de *espertamonforte!* e o seu cargo ficará condicionado ao seu cumprimento.**
- **Renderán e publicarán por escrito os seus bens e intereses.**
- **Publicarán unha breve relación dos seus datos biográficos.**
- **Publicarán o seu enderezo electrónico.**
- **Publicarán a súa axenda institucional.**
- ***espertamonforte!* segundo o establecido no seu manifesto e no seu código ético, apartará a aqueles membros sospeitosos de exercerem o seu poder para a libre designación e o cese discrecional tanto na administración pública como en empresas privadas ligadas ao Concello.**
- **Especificar os datos biográficos do alcalde e dos concelleiros.**
- **Especificar enderezos electrónicos do alcalde e dos concelleiros.**
- **Publicar a axenda institucional do alcalde e concelleiros.**
- **Publicar a Relación de Postos de Traballo (RPT) do concello.**
- **Publicar a relación individualizada de cargos de confianza do concello e o importe individual ou colectivo das súas retribucións nunha sección específica da web do concello (non unha ligazón á RPT).**
- **Publicar a oferta pública de emprego do concello e desenvolver a súa execución expresamente se non existir.**

Co

In

Pr

- **Traballaremos para eliminar ou reducir ao mínimo posíbel os asesores e traballadores eventuais pagados polo concello.**

INFORMACIÓN SOBRE A ORGANIZACIÓN E PATRIMONIO DO CONCELLO

- **Especificar os diferentes órganos de goberno e as súas respectivas funcións incluíndo xuntas de distrito ou barrios.**
- **Especificar os datos básicos dos órganos descentralizados, entes instrumentais e sociedades municipais, así como as ligazóns ás súas webs indicando se o concello non dispor deses organismos.**
- **Facilitar a consulta dos cidadáns e publicar completamente a RPT ou cadros de persoal dos órganos descentralizados, entes instrumentais e sociedades municipais, indicando expresamente os cargos de confianza existentes (categoría, nome categoría, grupo, etc.) indicando tamén expresamente se non existiren.**
- **Publicar a relación detallada de vehículos oficiais propios ou alugados adscritos ao concello.**
- **Publicar o inventario de bens e dereitos do concello.**

Co

In

Pr

- **Aprobar e publicar a Axenda Local 21 e/ou plan estratéxico (ou mapa estratéxico) municipal.**

INFORMACIÓN SOBRE NORMAS E INSTITUCIÓNS MUNICIPAIS

- Ordes do día previstas dos plenos municipais.
- Actas íntegras dos plenos municipais.
- Acordos completos das xuntas de goberno e actas íntegras cando actúen por delegación do pleno.
- Publicar as resolucións xudiciais íntegras ou unha ligazón aos contidos que afectaren ao concello (no orde contencioso, laboral, etc.), indicando expresamente se non existiren.

Co

In Pr

- Emitir en directo na web e/ou almacenar nela os vídeos dos plenos municipais.
- Redactar e publicar un código ético do bon goberno do concello (preferentemente adaptado do código do bon goberno local aprobado por unanimidade na FEMP).

REGULAMENTO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ

- Os cargos públicos electos de **espartamonforte!** crearán métodos para a explicación e simplificación dos trámites burocráticos.
- Creación dun buscador interno claramente visíbel na web do concello.
- Creación dun portal ou sección específica de transparencia na web do concello.
- Creación do mapa da páxina web do concello visíbel na súa portada.
- Publicación das actas das reunións de todo o espectro público do Concello.
- Publicación do catálogo xeral de servizos, sedes dos servizos e equipamentos do concello con enderezo, teléfonos, horarios de atención ao público e ligazóns ás páxinas web e enderezos de correo electrónico indicando expresamente se non existiren.
- Publicación do catálogo actualizado de procedementos administrativos de competencia do concello, indicando o seu obxecto, trámites, prazos, sentido do silencio administrativo, formularios asociados indicando aqueles que poden ser tramitados electrónicamente.
- Creación de unha carta de servizos municipais que conteña: nome e cometidos da unidade que a emite, servizos prestados por esa unidade, compromisos de calidade asumidos, información sobre a forma de participación dos usuarios, enderezo físico e electrónico, teléfono da unidade e horario. Información anual sobre o grao de cumprimento dos seus compromisos estabelecidos.
- Información actualizada na web do concello sobre incidencias en servizos municipais.
- Creación e publicación dos resultados das enquisas sobre prestación de servizos indicando expresamente se non houber ningunha realizada.

Co

In

- Publicación das preguntas dos cidadáns e das respostas dadas na web do concello.
- Creación dun espazo na web do concello para publicar opinións e propostas dos grupos políticos municipais.
- Creación dun espazo na web do concello para acadar e publicar opinións e propostas das asociacións locais.

In Pr

- Os cargos públicos electos de **espartamonforte!** disporán de métodos de axuda a todos os cidadáns que, con conducta ética e solidaria, foren denunciante de prácticas ilegais tanto en empresas públicas como privadas.
- Información actualizada na web do concello sobre a situación e cortes de tránsito.
- Información actualizada na web do concello sobre a situación medioambiental incluíndo a contaminación do aire, acústica e luminosa.
- Creación na web do concello de foros de discusión.

TRANSPARENCIA ECONÓMICO-FINANCIERA

Información contábel e orzamentaria.



- **Publicación das modificacións orzamentarias aprobadas polo pleno municipal ou pola xunta de goberno, alcalde ou concelleiro delegado.**
- **Publicación dos informes en relación cá estabilidade orzamentaria emitidos pola autoridade independente de responsabilidade fiscal; e de non existir, indicárase expresamente na web.**

Publicación de indicadores financeiros:



- **Autonomía fiscal: dereitos recoñecidos netos de ingresos tributarios e dereitos recoñecidos netos totais.**
- **Capacidade ou necesidade de financiamento en termos de estabilidade orzamentaria (superávit ou déficit) segundo a Lei Orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.**

Transparencia en ingresos, gastos e débedas municipais.



- **Ingresos fiscais por habitante; resultado de dividir os ingresos tributarios entre o número de habitantes.**
- **Gasto por habitante: resultado de dividir as obrigas netas entre o número de habitantes.**
- **Inversión por habitante: resultado de dividir as obrigas recoñecidas netas entre o número de habitantes.**
- **Período de cobro: resultado da dividir o resultado da multiplicación dos dereitos pendentes de cobro por 365 días, entre os dereitos recoñecidos netos.**
- **Publicación dos informes trimestrais relativos ás medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais de pagamento a provedores (art. 16.7 da Orde Ministerial HAP/2012/2015), indicando expresamente na web se non existen.**
- **Publicación do importe da débeda pública municipal consolidada e a súa evolución en comparación cos exercicios anteriores.**

TRANSPARENCIA NAS CONTRATACIÓNS E CUSTOS DOS SERVIZOS

Procedementos de contratación de servizos:



- **Informar sobre a composición, xeito de designación e convocatorias das mesas de contratación mediante unha ligazón directa e específica na web do concello. (Xa existe a través da ligazón "Perfil do contratante")**
- **Publicar as actas das mesas de contratación mediante unha ligazón específica e directa na web do concello. (Xa existe a través da ligazón "Perfil do contratante")**

Subministración e custos dos servizos:



- **Publicar a lista e cuantías das operacións cos provedores, adxudicatarios e contratistas do concello mediante unha ligazón directa e específica na web do Concello. (Xa existe)**
- **Publicar información sobre o custo específico dos servizos financiados con taxas ou prezos públicos. (Xa existe)**

TRANSPARENCIA EN MEDIOAMBIENTE, URBANISMO E OBRAS PÚBLICAS

Plans de ordenación urbana e convenios urbanísticos:

- **Publicar o Plan Xeral de Ordenación Urbana (PXOM) e os planos que o detallan.**
- **Publicar as políticas e programas do concello relativos ao mediambiente e os informes de seguimento.**
- **Publicar os estudos de impacto ambiental, paisaxístico e avaliación do risco relativos a elementos ambientais indicando expresamente se non existiren.**
- **Publicar as modificacións aprobadas do PXOM e dos Plans parciais aprobados.**
- **Publicar a información precisa dos convenios urbanísticos do concello e das actuacións urbanísticas en execución.**
- **Publicación da información precisa sobre os usos e destinos do solo.**

In Pr

Anuncios e licitacións de obras públicas:

- **Publicar a información precisa da normativa vixente en materia de xestión urbanística do concello mediante ligazón directa e específica na web.**
- **Publicar os proxectos, pregos e criterios de licitacións das obras públicas mediante ligazón directa e específica na web indicando expresamente se non existen.**
- **Publicar as modificacións, reformados e complementarios dos proxectos das obras mediante ligazón directa na web indicando se non existen.**

In Pr

Información sobre concorrentes, ofertas e resolucións:

- **Publicación do listado de empresas que concorren a licitación das obras públicas mediante ligazón directa na web indicando expresamente se non existen.**
- **Publicar o nome das empresas que realizan as obras públicas mediante ligazón directa na web, indicando expresamente se non existiren.**

Co

Obras públicas, urbanismo e infraestruturas:

- **Publicar a información precisa sobre cada unha das obras de infraestrutura que están en curso incluíndo o obxecto da obra, responsable municipal, contratistas responsables, importe presupostado e período de execución na web do Concello indicando expresamente se non existen.**
- **Publicar trimestralmente a información sobre as obras de infraestrutura realizadas e aprobadas pendentes de execución (informes, comunicados, notas de prensa, etc.) mediante ligazón directa e específica na web indicando expresamente se non existen.**

Co

In Pr

Publicación de indicadores:

- **Investimento en infraestrutura por habitante: resultado de dividir os gastos do exercicio executados en investimento en infraestruturas entre o número de habitantes.**
- **Proporción de ingresos do urbanismo: resultado de dividir os ingresos derivados do urbanismo entre os ingresos totais. Informar na web dos conceptos incluídos como ingresos urbanísticos: licenzas urbanísticas, IBI, ICIO, aproveitamento urbanístico, alienación de terreos, etc.**

In Pr

INDICADORES DA LEI DE TRANSPARENCIA

Planificación e organización do concello.

Co

- **Publicar o organigrama actualizado que permita identificar os responsábeis dos diferentes órganos, as súas funcións e relacións de dependencia.**
- **Publicación dos informes internos dos órganos de asesoramento xurídico e da intervención unha vez que son definitivos indicando expresamente se non existiren.**

In Pr

- **Publicar os plans e programas anuais e plurianuais en que se fixan obxetivos concretos, así como as actividades, medios e tempos previstos para a súa consecución.**

Contratos, convenios e subvencións:

Co

- **Publicar os contratos formalizados indicando obxecto, importe da licitación e da adxudicación, procedemento utilizado, instrumentos usados na súa publicación, número de licitadores participantes no procedemento e identidade dos adxudicatarios.**
- **Publicar as modificacións dos contratos formalizados.**
- **Publicar trimestralmente os contratos menores formalizados con información detallada dos seus importes e adxudicatarios.**
- **Publicar a relación de convenios subscritos indicando partes firmantes, obxecto e, se existir, as obrigas económicas acordadas.**
- **Publicar as subvencións e axudas públicas concedidas indicando importe, finalidade e beneficiarios.**

In Pr

- **Publicar os datos específicos estadísticos sobre a porcentaxe en volume orzamentario de contratos adxudicados a través de cada un dos procedementos previstos na lexislación de contratos do sector público.**

Cargos do concello e entidades participadas:

Co

- **Publicar as retribucións percibidas polos cargos do concello e dos máximos responsábeis das entidades participadas polo concello.**
- **Publicar as indemnizacións percibidas polo abandono de cargos indicando expresamente se non existiren.**
- **Publicar o rexistro de intereses e actividades e de bens dos cargos electos do concello (incluído na Lei de Bases de Réxeme Local).**

Información económica e orzamentaria:

Co

- **Publicar a relación de inmóbeis (oficinas, locais, etc.) tanto propios como en réxime de aluguer, ocupados e adscritos ao concello.**
- **Publicar os orzamentos do concello describindo as principais partidas orzamentarias e información actualizada semestralmente sobre o seu estado de execución.**
- **Publicar as contas anuais ou conta xeral do concello incluíndo balance, conta de resultado económico-patrimonial, memoria e liquidación do orzamento.**
- **Publicar os informes da auditoría de contas e os de fiscalización por parte dos órganos de control externo (cámara ou tribunal de contas) tanto do concello como das entidades do sector público municipal.**

O MANIFESTO

Vivimos tempos de crise, dunha profunda e longa crise económica que se tornou tamén en crise política e social. As medidas adoptadas polos nosos gobernantes para encarar esta situación buscaban salvar os causantes, fundamentalmente o capital financeiro, e impor á cidadanía a carga desa operación de salvamento. Hoxe, cando nos din que as cousas están a mellorar, o que vemos é que, tras as aparencias e conforme se van recuperando os beneficios da banca e das grandes empresas, a situación da maioría social continúa a se degradar: desmantelamento e privatización dos servizos públicos, altos niveis de desemprego, forte precariedade laboral, baixos salarios e, en consecuencia, máis pobreza e máis desigualdade. A esta difícil situación que debemos afrontar os cidadáns, súmase a frustración de comprobarmos que os nosos gobernantes, ao tempo que presentan as súas medidas como ineludíbeis e innegociábeis, fan precisamente o contrario do que prometeron, erosionando cada vez máis a nosa deteriorada democracia. Todo isto acontece nun clima de descomposición política marcado pola ausencia de transparencia, a falta de honestidade e a corrupción.

Ante este estado de cousas, a indignación da cidadanía manifestouse en multitude de actos de protesta, como as mareas que saíron á rúa para defender as conquistas e os dereitos sociais que nos están a ser arrebatados. Estes movementos permitiron desenvolver múltiples iniciativas que procuran dar aos cidadáns un papel protagonista na vida política e, así, limitar o monopolio de que dispoñen os nosos gobernantes. Así, ante as próximas eleccións municipais de maio de 2015, xurdiron nos últimos meses propostas en diferentes lugares para iniciar procesos que culminen na constitución de candidaturas cidadás coa firme determinación de gañar os comicios e de aplicar métodos de traballo e acción política radicalmente democráticos que poñan as institucións municipais ao servizo das maiorías.

Os cidadáns que asinamos este manifesto, para o que esperamos o maior número de adhesións, reflectímonos nestas iniciativas e pretendemos lanzar en Monforte un proceso que leve, após un período de análise, debate e concreción de propostas, á constitución dunha candidatura unitaria e cívica, que, á marxe dos partidos pero sen renunciar ao seu apoio se así o estimaren, concorra ás próximas eleccións municipais.

Non hai verdades reveladas que nos permitan anticipar un programa de acción para o próximo goberno municipal; esta tarefa vai corresponder ás persoas que se quixeren sumar ao proxecto. Na nosa opinión, non obstante, as liñas mestras deben encadrarse na procura dun modelo de concello que permita a participación dos veciños nos asuntos municipais e o seu control sobre os orzamentos e os recursos públicos, como a sanidade, o ensino, os servizos sociais ou a auga; un concello que aplique á inversión pública criterios de xustiza social e que combine a protección medioambiental e o urbanismo sustentábel co respecto e a tolerancia na convivencia cidadá; un concello que potencie o medio rural con políticas de consumo local e que favoreza o tecido empresarial e económico do municipio; un concello que defenda o idioma e a cultura galegos como elementos de identidade propios e que preste especial atención ao grave problema demográfico da nosa comarca. En definitiva, un traballo ao servizo do conxunto da cidadanía que antepoña o ben común aos intereses particulares e cuxos puntos terán de ser concretados nun programa meditado e elaborado de forma colectiva. Para concretar a propia candidatura, levarase a cabo un proceso de debate aberto para decidir a maneira de actuar e para elaborar o programa electoral, os criterios para a elección de candidatos e calquera outro asunto que se considerara de interese, primando a transparencia e definindo mecanismos de control dos representantes públicos e de participación cidadá na toma e decisións en ámbitos de importancia relevante para os veciños. Abrimos, por tanto, un proceso que, se concluír con éxito, chegará a definir un programa de goberno e un equipo que o leve a termo, partindo duns códigos de conduta que poñan a honestidade e a integridade ao servizo dos cidadáns por enriba de intereses partidistas. A partir de agora os monfortinos teñen a palabra. É tempo de falarmos.



espertamonforte!

ti decides o Monforte que queres